



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E ECOEMBALAJES ESPAÑA, S.A. PARA A VALORIZACIÓN DE RESIDUOS DE ENVASES E OUTRAS ACTUACIÓNS

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración Autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de autorización, vixilancia, inspección e sanción das actividades de produción e xestión de residuos; a autorización dos sistemas integrados de xestión de residuos que se constitúan en virtude de acordos voluntarios, así como a súa vixilancia, inspección e sanción; así como a elaboración dos plans autonómicos de residuos.

(1) No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o de acordar as condicións que aplicarán nas relacións entre a Comunidade Autónoma de Galicia e os distintos Sistemas Integrados de Xestión, neste caso, no relativo ás operacións de valorización enerxética de residuos de envases contidos na fracción resto.

(2) **Antecedentes:** En primeiro lugar indicar que, en materia de xestión de residuos, por aplicación do denominado principio de “quen contamina paga”, vense desenvolvendo nos últimos anos a chamada responsabilidade ampliada dos produtores de produtos que co seu uso se converten en residuos.

Así, a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados dedícalle o seu título IV a esta cuestión que, se ven xa contaba con regulación anterior, carecía dun marco legal sistematizado e coherente.

Esta responsabilidade ampliada o que supón é que os produtores de produtos (envases, aparellos eléctricos e electrónicos, pilas e baterías, aceites industriais, pneumáticos usados...) que rematan converténdose en residuos veñen obrigados a involucrarse na prevención e na organización da súa xestión, promovendo a reutilización, a reciclaxe e a valorización de residuos, por esta orde, segundo o que regulamentariamente se





estableza para cada fluxo de residuos.

Con carácter xeral, os produtores poden dar cumprimento ás obrigas que lle veñen impostas, ben de xeito individual, ben a través de sistemas colectivos de responsabilidade ampliada (denominación que agora se prefere á de sistemas integrados de xestión que se viña empregando).

No caso de envases e residuos de envases, a Lei 11/1997, do 24 de abril, estableceu que os envasadores e comerciantes de produtos veñen obrigados a establecer un sistema de depósito, devolución e retorno dos envases dos produtos postos por eles no mercado salvo que optasen por participar nun sistema integrado de xestión.

É neste contexto no que xorde ECOEMBALAJES ESPAÑA, S.A. (ECOEMBES), sociedade anónima sen ánimo de lucro constituída en virtude de acordos adoptados por axentes económicos que operan neste sector coa finalidade de organizar a recollida periódica de envases e residuos de envases.

En virtude destes acordos os produtores/envasadores pagan unha cantidade por cada produto envasado posto por primeira vez no mercado nacional co que se financia, maioritariamente, o sistema colectivo.

(3) **Finalidade:** Para os efectos sinalados, formalizouse coa entidade ECOEMBALAJES ESPAÑA, S.A. (ECOEMBES) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abarcaba desde a súa firma e tiña unha duración ata o fin da vixencia da autorización concedida pola Comunidade Autónoma ao Sistema Integrado de Xestión de residuos de envases do cal ECOEMBES é entidade xestora.

(4) O acordo tiña por obxecto regular a colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e a entidade ECOEMBALAJES ESPAÑA, S.A. (ECOEMBES) nas seguintes actuacións:

a) Operacións de valorización enerxética de residuos de envases contidos na fracción resto incluídos no ámbito de aplicación do Sistema Integrado xestionado por Ecoembes, na instalación de tratamento de residuos urbanos sita en Cerceda.





b) Alternativamente e por acordo das partes, outras actuacións de mellora relacionadas coa recollida selectiva. A estes efectos, crear un “fondo de valorización” correspondente aos dereitos de crédito xerados pola actividade de valorización descrita no apartado anterior, que se podería destinar na contía que acordaran as partes, a actuacións de mellora da xestión dos envases incluídos no ámbito de aplicación do Sistema Integrado de xestión.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Que a Sociedade ECOEMBALAJES ESPAÑA, S.A. (ECOEMBES), entidade sen ánimo de lucro, constituíuse como entidade xestora do Sistema Integrado de Xestión de envases e residuos de envases, autorizado no ámbito da Comunidade Autónoma, por resolución de 30 de setembro de 2016.

Que entre a Comunidade Autónoma de Galicia e ECOEMBALAJES ESPAÑA, S.A. (ECOEMBES) asinouse un convenio marco de colaboración cuxa vixencia abarca ata o fin da autorización concedida ao Sistema Integrado xestionado pola devandita entidade.

Que con vistas a cumprir cos obxectivos de reciclaxe e/ou valorización establecidos na Lei 11/1997, de envases e residuos de envases, ambas as partes consideraron conveniente establecer acordos de colaboración para incentivar e fomentar a valorización dos residuos de envases adheridos ao Sistema Integrado xestionado por Ecoembes presentes na fracción resto, así como a posta en marcha doutras actuacións relacionadas coa mellora da recollida selectiva.

Así, en base ao sinalado, ambas as partes formalizaron o devandito Acordo para a valorización de residuos de envases e outras actuacións.

(6) Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito acordo fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, que rexía no momento da súa sinatura,





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e
Cambio Climático

San Lázaro s/n
15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA



con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle foran de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

(asinado dixitalmente)

María Cruz Ferreira Costa



Xacobeo 2021

